

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA:

**Asunto: CURSO PREPARACIÓN DA PROBA PARA A OBTENCIÓN DE TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA PARA MAIORES DE DEZAOITO ANOS**

No uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 s) da lei 7/85, de Bases de Réxime Local, con esta data.

Tendo previsto organizar un curso sobre "**Preparación da proba para a obtención de título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaoitto anos**" que ten como finalidade dar a coñecer os contidos necesarios da proba libre que se convoca anualmente a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia para a obtención do citado título.

Considerando que o número de prazas máximas para impartir o curso non poderá ser superior a 10 prazas, pero que en todo caso resulta necesario contar cun grupo minimamente homoxéneo desde un punto de vista didáctico, que permita un axeitado aproveitamento do curso.

Considerando que resulta necesario fixar un criterio claro, igualitario e público á hora de determinar as solicitudes que deben ser admitidas no citado curso, así como a organización do mesmo segundo o nivel de coñecemento dos participantes no mesmo.

No uso das atribucións conferidas polo artigo 21.1 s) da lei 7/85, de Bases de Réxime Local, con esta data **RESOLVO:**

**PRIMEIRO:** Aprobar a convocatoria do curso denominado "*Preparación da proba para a obtención de título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaoitto anos*" aprobando as seguintes bases que deberán rexer a selección das persoas que estean interesada en participar no citado curso:

**BASES DE SELECCIÓN DAS PERSOAS INTERESADAS EN PARTICIPAR NO CURSO DENOMINADO "PREPARACIÓN DA PROBA PARA A OBTENCIÓN DE TÍTULO DE GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA PARA MAIORES DE DEZAOITO ANOS".**

Primeiro: Obxecto.-As presentes bases teñen como obxecto establecer os criterios así como o procedemento a seguir para a selección daquelas persoas que teñan solicitado participar no curso convocado polo Concello de Oroso e denominado "*Preparación da proba para a obtención do título de graduado en educación secundaria obrigatoria para maiores de dezaoitto anos*".

Segundo: Requisitos.- Poderán solicitar o presente curso, todas aquelas persoas que cumpran todos e cada un dos seguintes requisitos.

- Cumprir os 18 anos antes do día 1 de maio de 2021.
- Excepcionalmente, poderán solicitar a matriculación no curso persoas maiores de 16 anos que teñan un contrato de traballo ou estean en circunstancias excepcionais que lles impidan realizar estes estudos polo réxime ordinario.

Terceiro: As solicitudes deberán presentarse no modelo de instancia establecida polo Concello de Oroso no rexistro oficial do Concello, praza Isaac Díaz Pardo nº 1, 15888. Sigüeiro. Oroso, no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación das presentes bases no taboleiro de anuncios do Concello así como na web municipal.

Cuarto: Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase no prazo máximo de 5 días, a lista de aspirantes presentados, así como a data, lugar e hora onde se procederá a realizar as probas de acceso tanto no taboleiro de anuncios do Concello como na web municipal.

Quinto: Para a determinación dos aspirantes admitidos celébrase unha proba de acceso, **o xoves día 29 de outubro de 2020**, que consistirá en avaliar criterios da programación previa aos contidos mínimos da Educación Secundaria Obrigatoria coa finalidade de establecer un punto de partida homoxéneo para todos aqueles participantes no curso. Para a convocatoria de dita proba citarase aos solicitantes en grupos de máximo 10 persoas a partir das 18:00 horas.

Dita proba de acceso avaliará os seguintes aspectos dos ámbitos lingüístico e matemático establecidos no Nivel II de ensinanzas básicas referido á consolidación de coñecementos e técnicas instrumentais:

- **Ámbito lingüístico**

- Analizar e interpretar textos procedentes dos medios de comunicación escritos (reportaxe, editorial, columna...) sinalando os puntos fundamentais tratados e as súas relacións, e o carácter destes textos (expositivo, argumentativo...).
- Analizar e interpretar textos da vida cidadá e profesional como disposicións legais, contratos, folletos informativos, correspondencia institucional e comercial, solicitudes, currículos, recoñecendo os elementos de contido e estruturais que lles son propios.
- Identificar distintos procedementos de conexión nos textos, con especial atención aos conectadores de causa, consecuencia, condición e hipótese, e dos mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna.
- Expresar o contido fundamental dos textos estudados mediante os procedementos adecuados: esquemas, mapas conceptuais, resumo escrito.
- Consultar e interpretar de forma adecuada as informacións lingüísticas que proporcionan os dicionarios da lingua (gramaticais, semánticas, rexistro e normativa).

- **Ámbito matemático**

- Realizar cálculos nos que interveñan distintos tipos de números naturais e enteiros, así como fraccionarios e decimais sinxelos, realizando as catro operacións básicas, e aplicando con seguridade a unha ampla variedade de contextos da vida cotiá o modo de cálculo

máis axeitado (cálculo mental, cálculo aproximado, calculadora) e comprobando a coherencia e precisión dos resultados obtidos.

- Resolver situacións e problemas habituais da vida diaria, recoñecendo os datos e relacións relevantes, formulándoos mediante formas sinxelas de expresión matemática, usando de xeito preciso na súa solución os procedementos e algoritmos axeitados, levando a cabo as operacións necesarias de cálculo, expresando e comunicando o resultado obtido en linguaxe matemática e verificando a exactitude da solución alcanzada.
- Usar o coñecemento matemático sobre o número, as operacións básicas de cálculo, a medida, as formas xeométricas e a súa situación no espazo ou a representación numérica e gráfica de datos para identificar, comprender e solucionar de forma eficaz feitos ou situacións da vida real que precisan elixir e utilizar diferentes estratexias e recursos matemáticos e para explicar e elaborar informacións e mensaxes sobre fenómenos coñecidos e comúns.
- Solucionar situacións cotiás relacionadas co cálculo de porcentaxes, aplicando as regras básicas da proporcionalidade numérica, identificando a equivalencia entre porcentaxes e fraccións e verificando o axuste da solución á situación formulada.
- Empregar métodos alxébricos para representar, propoñer e solucionar ecuacións de primeiro grao, como unha ferramenta para resolver problemas cotiás.
- Resolver situacións e problemas relacionados coa vida diaria enunciándoos en linguaxe alxébrica e utilizando expresións alxébricas sinxelas para simbolizar propiedades, pautas e relacións, operando con elas axeitadamente para obter o seu valor numérico e verificando a corrección do resultado obtido.
- Resolver situacións e problemas relacionados coa vida diaria enunciándoos en linguaxe alxébrica e utilizando expresións alxébricas sinxelas para simbolizar propiedades, pautas e relacións, operando con elas axeitadamente para obter o seu valor numérico e verificando a corrección do resultado obtido.
- Manipular con precisión unidades monetarias para realizar cambios, pagamentos e devolucións, realizando correctamente as equivalencias entre diversas unidades monetarias e facendo con fluidez conversións sinxelas de unidades monetarias.
- Aplicar o coñecemento das formas e relacións xeométricas e dos sistemas de representación espacial (esbozos, vagabundos, planos sinxelos, maquetas,...) para elaborar e comunicar informacións relativas ao espazo físico e para interpretar, razoar e resolver situacións cotiás de orientación e representación espacial e sobre

movimentos (seguir un percorrido dado, indicar unha dirección, etc.), utilizando, se é o caso, ferramentas tecnolóxicas que faciliten a visualización espacial.

- Utilizar unidades de medida do sistema métrico decimal (lonxitude, superficie e volume) para estimar e efectuar medidas, tanto directas como indirectas, en actividades relacionadas coa vida cotiá, seleccionando o tipo apropiado de unidade para medir a lonxitude, a superficie e o volume e valorando a súa corrección.

Sexto: A valoración das citadas probas de acceso será realizada polo profesor de adultos da aula de formación EducaOroso. E en todo caso non será obrigatorio que superen as probas un número de aspirantes igual ao número de prazas ofertadas, se ben en ningún caso poderán superar a proba un número de aspirantes superior ao número de prazas establecidas (18 prazas).

Sétimo: Unha vez rematada a proba e no prazo máximo de dous días hábiles procederá a aprobar por resolución de Alcaldía e conforme á proposta realizada pola persoa encargada da realización da valoración, a lista de aspirantes admitidos, que será publicada no taboleiro de anuncios do Concello así como na web municipal. O curso dará comezo o **xoves día 05 de novembro de 2020 ás 19:30 horas** na Aula de Formación EducaOroso.

Oitavo: A presentación da solicitude para participar no presente curso, implicará a aceptación das presentes bases, así como os restantes regulamentos e normas tanto municipais como doutro ámbito que resulten de aplicación.

Noveno: No non regulado nas presentes bases se estará ao previsto na Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, así como na restante normativa administrativa que resulte de aplicación.

**SEGUNDO:** Publicar as presentes bases no taboleiro de anuncios do Concello, así como na web municipal, facendo saber que contra as mesmas caberá a posibilidade de que, se o considera oportuno, calquera interesado poderá interpoñer recurso de reposición no prazo de un mes ante o mesmo órgano que ditou o acto, conforme ao previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e das Administracións Públicas, ou ben se non quere exercitar o seu dereito a presentar o recurso potestativo de reposición mencionado, pode interpoñer directamente recurso contencioso – administrativo, no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso – Administrativo, órgano xurisdiccional competente, conforme ao establecido na Lei 29/98 do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso – Administrativa.

**TERCEIRO:** Dar conta ao pleno na seguinte sesión que se celebre.

En Oroso, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde, do que eu, como Secretario, dou fe.